






CFR
A CORUÑA

centro de formación e recursos

BOletín

XUÑO 2022





Niños y niñas en el espectro del autismo

Marlene Horna Castiñeiras

Editorial CCS, Colección Campus, Madrid, 2021 • ISBN: 978-84-9023-984-1 • 630 páx.

É unha realidade que o número do alumnado con trastorno de espectro autista aumenta nas nosas aulas. Resulta, por tanto, imprescindible comprender como funciona a súa mente e entender a súa particular visión do mundo.

Marlene Horna é psicóloga e traballa, desde fai máis de dúas décadas, apoiando a persoas no espectro do autismo e ás súas familias. Na actualidade desempeña o seu labor en contextos e contornas naturais onde as persoas viven e se desenvolven como o fogar, a escola ou

a comunidade. É consultora e formadora en centros educativos, asociacións e outras institucións.

Nesta obra atopamos uns primeiros capítulos onde afondamos sobre o que significa este espectro e á súa maneira de percibir e comprender o mundo. Destácase o papel da familia e os educadores na inclusión escolar.

Posteriormente a autora pasa a centrarse na contorna escolar: como podemos organizar a aula, os apoios gráficos e planificadores ou o acceso á lectoescritura. Concede

especial importancia ás medidas ordinarias de atención á diversidade que implican cambios na metodoloxía e nos instrumentos e procedementos de avaliación.

A continuación, proporciona información sobre as relacións do alumno con TEA e os seus iguais e insiste na necesidade de previr o acoso escolar, xa que é coñecido que estamos a falar dun alumnado especialmente vulnerable ante o "bullying".

Finalmente, dedica dous capítulos completos á comprensión e xestión de

esas "condutas problemáticas" que poden xurdir e tanto preocupan nas aulas. O libro remata con testemuñas de protagonistas que axudan a mirar o mundo desde os seus ollos.

Só desde a comprensión poderemos eliminar barreiras que dificultan o desenvolvemento dos nosos alumnos e proporcionar apoios que permitan unha adecuada adaptación e o seu desenvolvemento integral.



Enseñar distinto

Guía para innovar sin perderse en el cambio

Furman, Melina

Editorial Siglo XXI, colección Clave intelectual, Madrid 2022 • ISBN: 978-84-125336-0-6 • 350 páx.

A autora deste libro, Melina Furman, é profesora na Escola de Educación da Universidade de San Andrés en Arxentina e doutora en Educación por Columbia University. Dende hai tempo coordina programas de formación de docentes nos que persegue crear ambientes de aprendizaxe que potencien a creatividade e o pensamento crítico.

Neste libro abórdanse temas de enorme transcendencia para o traballo de aula. En toda a obra destaca como idea esencial a de converter cada centro educativo nun espazo de innovación pedagóxica continua. Trata tamén

aspectos clave en educación como é o da creatividade, o pensamento crítico e a necesidade de desenvolver co alumnado habilidades para aprender a aprender. Un concepto que guía toda a obra é a da "aprendizaxe profunda", que a autora contrapón ao "coñecemento inerte". En todo o libro insístease na idea de que é preciso xerar nas nosas aulas aprendizaxes relevantes e que resulten significativas porque este é o xeito de que nos acompañen ao longo de toda a vida. O tema da motivación como elemento clave nas aprendizaxes ocupa todo un capítulo no que tamén se destaca a

importancia de intentar promover nas nosas aulas ambientes de aprendizaxe afectivamente seguros.

Na segunda parte do libro reflexiona sobre aspectos como o de saber integrar a tecnoloxía na aula, analiza metodoloxías de innovación educativas como é a da aprendizaxe baseada en proxecto e subliña a importancia de crear unha cultura de pensamento nas nosas aulas. O libro remata cun capítulo dedicado á avaliación como forza poderosa de innovación e ofrece estratexias factíbles de aula para conseguir retroalimentacións



efectivas co noso alumnado.

O libro redactado de xeito ameno e claro, ofrece numerosas pausas, exemplos e actividades que van permitir ao docente realizar

a oportuna transferencia de todas as ideas espalladas ao longo dos diferentes capítulos ao noso contexto educativo concreto. Pensar distinto é un texto estimulante que nos axudará a reflexionar sobre os procesos de aprendizaxe e nos guiará na complexa tarefa de aprender cada vez mellor. Compartamos a tese da autora de que ensinar distinto fornecerá e enriquecerá o noso traballo como profesionais do ensino.



BOLETÍN

XUÑO 2022

CFR
A CORUÑA
centro de
formación e recursos



Javier Pintor Elizalde
Asesoría lingüístico-social

Bienestar y vida en Educación Infantil

El día a día en las escuelas infantiles de Pistoia

Catalina Ribas Mas

Editorial Octaedro, 2021. Barcelona

ISBN: 978-84-18819-03-2 • 144 páx.



A autora, Catalina Ribas, intenta reflectir e transmitir neste libro o sistema educativo nas escolas infantís de Pistoia.

Nesta rexión Italiana tomouse como exemplo a experiencia de Reggio Emilia para desenvolver un cambio metodolóxico que nace da necesidade de responder aos dereitos da infancia como cidadáns activos e coa vontade de crear unhas condicións óptimas para a aprendizaxe e

o desenvolvemento integral.

A búsqueda da creatividade e a innovación é unha constante, o que permitiu a renovación, a adaptación ás novas necesidades e os novos descubrimentos educativos.

Pistoia adiantouse a outras rexións italianas creando novos servizos que brindaran unha atención aos nenos/as e ás familias, pero repensando os tempos e os espazos. Así é como xorden as areabambini (áreas infantís).

Co tempo créanse 4 áreas infantís cada unha caracterizada pola súa propia identidade, desenvolvendo diferentes accións con enfoques centrados en fomentar a linguaxe artística, creativa, simbólica e científica.

A área azul para o desenvolvemento artístico e creativo, a área amarela para o fomento da linguaxe narrativa, a área verde para o contacto coa natureza e o saber científico e, por último, a área rosa para favorecer o movemento dos máis pequenos/as.

Estas áreas ofrecen un lugar na cidade só para eles, de descubrimento, de desexo de estar con outros nenos/as para compartir os seus coñecementos e sobre todo divertirse aprendendo. Son lugares que captan a curiosidade ofrecendo múltiples propostas de xogos e actividades coa coordinación permanente entre as familias e os docentes.



BOletín
XUÑO 2022



CFR
A CORUÑA

centro de
formación e recursos



Sabela Fernández Trelles
Asesora infantil e primaria

Por qué llora la maestra

Moure, Gonzalo


Editorial Kalandraka, Pontevedra, 2021 • ISBN: 978-84-1343-082-9 • 104 páx.

"Por qué llora la maestra". Este é o título tan suxectivo do último libro escrito por Gonzalo Moure e publicado pola editorial Kalandraka. Mais, é o subtítulo o que nos ofrece a chave: "Carta larga para ti, que queres escribir". E a primeira frase é concluínte: "Lees y te gusta leer, ya lo sé. Y también sé que te gustaría escribir porque, de no ser así, no estarías leyendo esta carta".

En efecto, Moure diríxese como potencial destinatario deste libro a todas as persoas, á marxe da súa idade, que se ven fascinadas pola lectura e, case como unha consecuencia inevitable, pola escritura. Fala para eses nenos e nenas adolescentes (hainos! E son

moitos máis dos que parece!), e por suposto adultos que teñen o privilexio de conservar o gozo polos libros, e de andar a escape, aínda que sexa un anaquino día a día, do feitiço anestésico das pantallas. Non todo nas súas vidas fica reducido a Fortnite, Whtasapp e TikTok.

Gonzalo Moure, periodista e escritor pero sobre todo gran persoa, consegue emocionar e, asemade, ofrece unha guía práctica para todo aquel ou aquela que precisa un pequeno apuxón para botarse a escribir. O que quere é mellorar a súa forma de facelo. Convidanos, en primeiro lugar, a trocarnos en protagonistas dos nosos relatos. A "escrivivir".



Pero tamén a respectar as comas, os puntos e puntos e coma para conseguir que os textos respiren. A prescindir de todo o que sobre, dos adornos, que non achegan nada ao texto. E moitos outros consellos.

"Escribir sanda, e "escrivivir" aínda máis". En plena pandemia de trastornos relacionados coa saúde mental, este libro convértese nun imprescindible en calquera biblioteca escolar e de clubs de lectura e escritura. Porque anima a saír da trampa das burbullas tecnolóxicas, a mirar o mundo, a gozar da natureza e das relacións sociais cara a cara, e a escribir un relato a partir dunha emoción, dunha ollada de noso.

Porque todos temos unha historia que contar: a nosa! En definitiva, a tomar menos ansiolíticos e a "escrivivir" máis.



BOLetín

XUÑO 2022



CFR
A CORUÑA

centro de
formación e recursos



Ana Torres Jack
IES Eusebio da Garda

Educar en la naturaleza

Hueso, Katia

Plataforma, Barcelona, 2021 • ISBN: 978-84-18285-93-6 • 256 pág.

A autora funda a primeira "escola na natureza" en España. Segundo ela mesma di, educar na natureza é un acto democrático, universal, adaptable, inclusivo e accesible a calquera persoa, tempo e lugar (sermos mellores persoas para un planeta mellor).

Ao longo do libro, vaimos dando pautas para implicámonos neste labor. Comeza explicando de onde partimos: un planeta dorido. Afirmo que preferimos non mudar nada, porque percibimos que pouco se pode facer –"Business as usual"-. A escaseza de recursos será a orixe de problemas socioeconómicos a gran escala e longo prazo. A isto, uniránse os

problemas de saúde e benestar provocados polos desastres naturais –ecoansiedade-. E mais, o desequilibrio da pegada ecolóxica. $\frac{1}{4}$ da poboación dos países industriais consome o 80% da enerxía.

Signala que educar na natureza e cuestión de espazo, tempo e relacións. É unha aprendizaxe baseada na experiencia directa, preferiblemente ao ar libre.

Non coñecer a nosa contorna, ademais de empobrecernos culturalmente, fainos tamén menos resilientes.

Somos a xeración gonzo, aquela que perdeu o contacto cotián coa

natureza. Sabemos o que levamos perdido e o que pode significar. E, conclúe con esta reflexión: Que destino queremos? O futuro será sostible ou non.

E remata, lembrando vellos valores para un mundo novo: gratitude, vivir o momento presente, responsabilidade, facer pequenos xestos, e saber o porqué deles, compaixón, ferramenta para iniciarse no coidado da natureza.

Educar na natureza é todo un proceso, que nunca deixamos de aprender e mellorar.



BOLETÍN

XUÑO 2022



CFR
A CORUÑA

centro de
formación e recursos



Educar en la naturaleza

Katia Hueso



**Mejores personas
para un planeta mejor**

María Nilda Fafián Porto
CRA de Bergondo



Juegos STEM en los Rincones de Aprendizaje

Integrando la investigación de los más pequeños

Englehart, D., et al.

Narcea Ediciones. Colección: Primeros años, Madrid, 2020 • ISBN: 978-84-277-2717-5 • 184 pax.

Na educación infantil moitos/as mestres/as utilizan os recunchos de aprendizaxe como unha ferramenta no proceso de ensinanza-aprendizaxe, pois os/as nenos/as xogan e aprenden ao mesmo tempo.

Este libro trae unha reflexión sobre como organizar e potenciar estes recunchos, desde a perspectiva STEM, unha vez que nenos/as tan pequenos/as non separan os contidos por áreas. Polo tanto, axúdanos a pensar en recunchos de aprendizaxe integrados onde se poderá xogar e aprender coas ciencias, tecnoloxías, enxeñaría e matemáticas (STEM, siglas en inglés). Por

medio das indagacións e exploracións cos materiais que se ofrecen nos recunchos e a interacción cos seus compañeiros/as, os/as nenos/as constrúen as súas propias teorías, e polo tanto os seus coñecementos.

Neste libro poderedes atopar en cada capítulo materiais e desenvolvemento de diversas actividades separadas por recunchos, como: o recuncho de expresión artística, o recuncho dos bloques, o recuncho de arte dramática, o recuncho da lecto-escritura, o recuncho das matemáticas, o recuncho da música e o movemento e o recuncho das ciencias, con moitas

fotos ilustrando as actividades.

Ademais, nos últimos capítulos trae unha reflexión sobre a avaliación nos recunchos, exemplos de ferramentas de avaliación, de criterios de avaliación, áreas de desenvolvemento e de contidos.

"Xogos STEM nos recunchos de Aprendizaxe" é un libro sinxelo e esclarecedor para aqueles/as que desexan empezar a crear, xogar e aprender coas ciencias, tecnoloxías, enxeñaría e as matemáticas.



BOletín
XUÑO 2022



centro de
formación e recursos



Suzana Martins Esteves
CEIP Wenceslao Fernández Flórez de A Coruña

Tecnoloxías y pedagogía para la enseñanza STEM

Prendes Espinosa, M^a Paz, Solano Fernández, Isabel M^a e Sánchez Vera, M^a del Mar
(Coords.)

Ediciones Pirámide, Madrid, 2021 • ISBN: 978-84-368-4557-0 • 245 páx.

Tres profesoras da Universidade de Murcia, M^a Paz Prendes Espinosa, Isabel M^a Solano Fernández e M^a del Mar Sánchez Vera coordinaron Tecnoloxías y pedagogía para la enseñanza STEM.

Estamos ante unha escolma de estudos, propostas, experiencias resultado de investigación de máis de 25 persoas vinculadas a todas as etapas educativas, dende a infantil á universitaria.

O libro está estruturado en dous grandes bloques. Un primeiro onde se aborda unha análise da ensinanza STEM e un segundo no que atoparemos unha pequena escolma de innovacións e experiencias prácticas de ensino STEM apoiado en tecnoloxía máis centradas nas etapas de infantil

e primaria.

Todas as propostas e reflexións xiran ao redor da base dunha perspectiva aglutinadora e integradora. Baixo a denominación STEM, ou STEAM non atoparás experiencias para unha materia concreta, senón que todas as propostas educativas abarcan diferentes ámbitos coa perspectiva de traballar conxuntamente dende varias materias para achegar un enfoque integrador e global.

Ao longo do primeiro bloque, ademais de presentarnos os resultados do proxecto europeo CREATE-Skills nos falan de diversas metodoloxías e o que estas achegan ao ensino STEM. Principalmente dende a gamificación e a Aprendizaxe baseada no xogo.

Un dos fíos condutores de todas as investigacións deste primeiro bloque é o xeito de abordar a fenda de xénero tanto no mundo dos estudos universitarios como nos profesionais STEM. Finaliza cunha serie de recomendacións para a proposta dun ensino STEM por etapa educativa.

Finalmente, nas cinco propostas que pechan o libro, no segundo bloque, a interacción da Tecnoloxía educativa e a ensinanza STEM pasa a xogar un papel chave. Estas últimas experiencias están máis enfocadas ás etapas de infantil e primaria, e en menor medida en secundaria.




BOletín
XUÑO 2022



centro de
formación e recursos



Óscar Domínguez Pérez
Asesoría científico-tecnolóxica



ACT FULNESS

Desarrollo personal y técnico del y para el actor/actriz

Carril, Ana

Editorial ÑAQUE, Madrid, 2020 • ISBN: 978-84-121724-6-1 • 157 páx.

O libro preséntase inicialmente como un diario de traballo ou caderno de viaxe de desenvolvemento persoal e técnico dirixido a actores e actrices, "coaches" e docentes da interpretación. Con todo, é doado sumarlle outras moitas utilidades dentro da nosa función docente cotiá.

Na primeira parte do libro, dirixida ó adestramento do actor/actriz, atopamos propostas (individuais e grupais) que ben se poderían extrapolar á orientación de calquera profesión e ser expostas polo orientador/a ou na titoría de calquera nivel educativo adaptando o que consideremos preciso.

Son exercicios que traballan contidos das competencias emocionais: toma de conciencia das propias emocións e das alleas, autoestima, automotivación, actitude positiva, responsabilidade, resiliencia, respecto polos demais, practicar a comunicación receptiva e expresiva, compartir e expresar emocións, fixar obxectivos adaptativos, toma de decisións, buscar axuda e recursos, fluír, competencia para autoxerar emocións positivas.

Na segunda e terceira parte do libro, a viaxe da emoción a través do texto e radiografía do personaxe, poden ser de

gran utilidade para as áreas das linguas xa que mostran como debullar un texto sen descoidar a dimensión emocional: en base ao esquema de catro elementos (suceso, conflito, obxectivo e acción), a comprensión e o cultivo, as notacións, a columna vertebral.

Este libro aberto, dinámico, cheo de propostas de exercicios e dinámicas será a semente do cambio que estás buscando para a túa aula ou centro.



BOletín
XUÑO 2022



centro de
formación e recursos



M^a Aránzazu Folgar Castelo
Asesoría artístico-deportiva

Convivencia restaurativa

Aprender a convivir y a construir entornos de aprendizaje seguros

de Vicente Abad, Juan

Editorial SM, Madrid 2021 • ISBN: 978-84-1392-221-8 • 312 páx.

O conflito é algo común a todas as escolas. Ningunha se libra de que nun momento determinado se dea un caso de agresión física, verbal, "bullying", etc.

Unha das grandes preocupacións dos educadores é a procura do mellor xeito de atallar estas situacións e conseguir que o alumnado aprenda a superalas e vivir en harmonía. Isto é o que busca Juan de Vicente, experto en resolución de conflitos, interculturalidade e convivencia escolar, e gañador do Certame D+I ó docente máis innovador de España.

Neste libro, Juan explícanos as diferenzas entre a lóxica retributiva que tende a expulsar o alumnado que non se relaciona axeitadamente e a lóxica restaurativa, que busca reparar o dano causado

Juan de Vicente Abad

Convivencia restaurativa

Aprender a convivir y a construir entornos de aprendizaje seguros

Prólogo de Elena Martín Ortega y Vicenç Rul·lan Castañer

biblioteca
INNOVACIÓN
EDUCATIVA



e evitar que estas situacións se volvan a dar. Explícanos tamén o que son os círculos de diálogo e a conversa restaurativa desde un punto de vista teórico, pero sobre todo dende un punto de vista práctico, amosándonos a súa estrutura, o seu papel no plan de acción tutorial e como levalas a cabo. Continúa mostrándonos tres casos prácticos de conversa restaurativa nos que se tratan casos reais acontecidos nun instituto típico dunha cidade española.

Para rematar, explícanos o que son os círculos restaurativos, cales son as súas fases e como levalos a bo porto, baseándose tamén en casos reais.



BOletín
XUÑO 2022




CFR
A CORUÑA

centro de
formación e recursos



Pedro Lado García
Asesoría TIC



Decálogo para la mejora de la docencia online

Propuestas para educar en contextos presenciales discontinuos

Sangrà, Albert (coord.) et al.

Editorial UOC, 2020 • ISBN: Edición no venal

<http://openaccess.uoc.edu/webapps/o2/handle/10609/122307>

Co estoupido da pandemia en 2020, as circunstancias obrigáronnos a asumir bruscamente o modelo de ensino/aprendizaxe non presencial. O profesorado realizou nese momento un enorme esforzo para adaptarse á situación, acadando nun tempo récord as competencias e recursos básicos para afrontar con éxito este reto. Dous anos despois, cabe preguntarse se o protagonismo das TIC, a comunicación virtual (as nosas inefables videoconferencias), ou o traballo colaborativo en rede son só recursos de emerxencia, destinados a pasar a un segundo plano unha vez restaurada a "normalidade", ou se, ben aplicados, poden constituir o soporte para estratexias educativas innovadoras e máis eficaces.

Neste libro, un grupo de docentes especialistas en educación e vinculados á Universitat Oberta de Catalunya (UOC), reflexiona sobre sentar as bases para realizar a transición entre

o ensino presencial e o ensino semi-presencial ou híbrido, sintetizando tanto investigacións recentes como experiencias acumuladas sobre o tema. O texto compendia un ciclo de webinaris que se impartiu durante o confinamento, como medida de apoio ao profesorado.

En canto ao contido, ademais dunha introdución ao contexto educativo da non presencialidade (p.e., a fenda dixital), atopamos, por unha banda ferramentas e recursos de implementación (principios de deseño de cursos non presenciais, estratexias e ferramentas para a avaliación en liña, e-actividades para unha aprendizaxe activa e as ferramentas dixitais imprescindibles) e, por outra, unha serie de reflexións pedagóxicas e metodolóxicas fundamentais para crear propostas didácticas significativas (estratexias crave para a docencia en liña, o valor da realimentación ou feedback, a xeración de actitudes

dixitais críticas no alumnado, ou os modelos de colaboración en rede). Por outra parte, a lectura desta publicación resulta fácil e amena, grazas á estrutura pormenorizada que presenta, a cal constitúe un guión detallado polo que se navega con seguridade a través dos aspectos tratados. Ademais, en cada apartado proporciónase unha información ampla e rigorosa, adecuada para iniciarse no mundo da docencia híbrida.

Como conclusión, trátase dunha lectura máis que recomendable para mellorar a competencia dixital docente no campo da educación semipresencial, e que nos achega tanto recursos concretos para deseñar propostas como fundamentos para profundar nas implicacións pedagóxicas da aprendizaxe en liña.



BOletín
XUÑO 2022

CFR
A CORUÑA
centro de
formación e recursos



Celina Santamaría Recio
Asesoría TIC

El cocodrilo de Aristóteles

Una historia de la filosofía a través de la pintura

Onfray, Michel

Paidós Contextos, Barcelona, 2022 • ISBN: 978-84-493-3919-6 • 239 páx.

Michel Onfray é o filósofo máis popular e mediático da filosofía francesa actual. Tamén o máis denostado e o máis prolífico xa que conta con máis de 100 obras publicadas nas que formula un proxecto materialista, hedonista, ético e ateo. Fundador da Universidade Popular de Caen, declárase "socialista libertario, pero non liberal", con ideas afastadas dos cenáculos intelectuais de París pero que continúa coa tradición tan francesa do intelectual comprometido co debate público. Os seus libros e as súas conferencias son seguidos por un público entusiasta e moi numeroso. Ningún outro intelectual vivo ten tantos seguidores en Francia. Segundo el, a educación nacional ensina a historia oficial da filosofía e non a aprender a filosofar. Onfray reivindica unha ensinanza socrática que cuestione os feitos e se formule preguntas.

En El cocodrilo de Aristóteles Michel Onfray trae unha historia da filosofía a través da pintura. Este percorrido pola historia do pensamento abrangue dende Pitágoras ata Jacques Derrida. En cada un das pinturas analizadas o autor busca o "analogon", termo que o autor define como "o obxecto que permite expresar o todo: é o nome da metonimia pictórica". Nos cadros analizados pátense dun detalle concreto (o cocodrilo para Aristóteles, as lágrimas de Heráclito, etc.) dende o que se poida reconstruír un modelo de pensamento. O autor chega a conclusións sorprendentes baseadas no simbolismo dos cadros nas que é doado apreciar as fobias e simpatías de Onfray con respecto a algúns filósofos e as súas ideas. O libro introdúcenos de xeito sutil nalgún dos debates filosóficos que perduran dende hai séculos.



Onfray fala de cuestións profundas e serias cunha linguaxe clara e comprensible de xeito que o libro é válido para todo tipo de lectores. Como noutras obras deste iconoclasta filósofo o ton vai do reflexivo ao divulgativo, o que nos permite coñecer e gozar con esta historia da filosofía e da pintura ao longo de moitos séculos, dende as orixes ata o posestruturalismo de finais do século XX.

Este libro xorde nun momento no que se está a debater sobre a eliminación da materia de Filosofía do currículo da ESO, e nun contexto no que as Humanidades teñen cada vez menos protagonismo dada a súa errónea consideración como materias pouco útiles. Onfray concibiu este libro como unha achega na loita actual contra o peso minguantante das disciplinas humanísticas nos plans de estudo occidentais.

Libros como este que perseguen universalizar as claves do pensamento occidental son un instrumento moi válido e necesario, para conseguir que o noso alumnado desenvolva capacidades que o convertan nun cidadán con pensamento crítico, socrático e independente.



BOLETÍN
XUÑO 2022



CFR
A CORUÑA

centro de
formación e recursos



Javier Pintor Elizalde
Asesoría lingüístico-social



Conversaciones con mi maestra

Dudas y certezas sobre la educación

L'Ecuyer, Catherine

Editorial Espasa, Barcelona, 2021 • ISBN: 978-84-670-6333-2 • 335 pág.

Na obra "conversaciones con mi maestra" a investigadora e divulgadora no eido educativo, Catherine L'Ecuyer, achéganos a diferentes correntes pedagóxicas cunha linguaxe coloquial, a través das conversas entre Casilda, unha profesora de universidade xubilada, e Matías, un alumno de maxisterio con preguntas e inqedanzas, como temos moitas mestras e mestres en continuo proceso de aprendizaxe e reflexión.

Partindo de todas esas dúbidas que lle xorden a Matías, fan cun percorrido por diferentes metodoloxías e teorías sobre a educación: a estimulación temperá de Doman, a educación sensorial de Montessori, o traballo por proxectos, o aprendizaxe cooperativo, as intelixencias múltiples ou as Flipped Classroom entre outras, ao

mesmo tempo que entre conversa e conversa, desmontan mitos que aínda seguen presentes na actualidade.

Este libro analiza aspectos teóricos con exemplos prácticos e cotiás o que fai que sexa unha lectura sinxela e amena. Cunha ollada crítica e argumentada, invita á reflexión, a cuestionarnos o noso día a día nas aulas, a observar aos alumnos e alumnas antes de enfocarnos nunha metodoloxía, a pararnos a pensar que non sempre unha metodoloxía por ser nova e "estar de moda" é mellor. En definitiva, axúdanos a tomar conciencia da importancia de non perder a perspectiva nun mundo educativo tan cambiante.



BOLETÍN

XUÑO 2022



centro de
formación e recursos



Lidia Boga Dans
CEIP Juana de Vega

O neno Groba e Música

Fraga, Lidia

Fundación Rogelio Groba, Ponteareas, 2020 • ISBN: 978-84-09-21445-7 • 48 páx.

"O neno Groba e Música" é un audiolibro no que, a través da palabra da guionista Lidia Fraga, dos debuxos do ilustrador Julio Seijas, da voz do actor Luis Iglesias e da música do propio compositor, amosa ó mestre Groba cando era un neno curioso, divertido, solitario e ávido de saber no momento do seu descubrimento da música. Amosa así mesmo a súa paixón vital da man dunha nena moi especial, que aparece nun momento complexo da súa nenez, en plena guerra civil. Naquel momento non sabía pero, esa nena vai acompañalo para sempre.

Está dividido en dous formatos, que irán conxuntamente nun único produto:

-Conto ilustrado de 48 páxinas que conta a vida do mestre en relación coa música para que os nenos e nenas, e a través deles todos os demais, coñezan dun xeito lúdico os complexos inicios dun neno nado nunha aldea galega en 1930 e, así mesmo, que achegue

unha mensaxe de que todo pode ser posible con esforzo e traballo.

- Cd que vai adxunto ao texto ilustrado no que o actor Luis Iglesias conta a historia mentres unha selección de anacos de diversas obras compostas polo mestre acompañarán a voz e debuxarán melodías acordes coa historia contada e as ilustracións. As obras do mestre son interpretadas por grandes orquestras como The London Symphony, a Orquestra Sinfónica de Galicia ou a Orquestra de Cámara de Stuttgart ademais da Orquestra de Cámara Galega, principal ferramenta de difusión do legado do mestre Groba.

A partir do libro, en novembro de 2021, levouse a cabo a estrea da versión escénica como coprodución entre a Fundación Rogelio Groba e o Centro Dramático Galego.



BOletín

XUÑO 2022



CFR
A CORUÑA

centro de
formación e recursos



Fernanda Flores Méndez
Directora de proxectos da Fundación Rogelio Groba

is4K INTERNET SEGURA FORKIDS

Fonte: <https://www.is4k.es/>

Consulta realizada: 01/06/2022

Como chegaron as redes sociais as nosas vidas? Teríamos que coñecer, primeiro, a orixe do sustento destas redes 'sociais', e dicir, a orixe de Internet. Sorprendeume ler que se a súa base naceu moito antes do que pensaba. Ano 1947, no comezo da Guerra fría, unha guerra totalmente diferente ás coñecidas hasta ese momento, unha guerra na que o enfrontamento pasou de ser directo a indirecto, unha guerra encuberta e silenciosa e que só, unha década máis tarde, asentou o que sería coñecido como Internet.

E cal foi a primeira rede social? *SixDegrees*, unha rede que naceu en 1997 co obxecto de localizar aos outros membros da rede baseada na teoría dos seis graos de separación.

Aínda que a historia é interesante, o obxecto desta reseña é analizar a situación actual, que será obsoleta cando se

publique, do impacto das redes sociais na nosa sociedade baseada nas comunidades educativas. Alumnado, profesorado e familias empregan as redes sociais como novo medio de socialización, de cooperación, de colaboración...pero o seu uso implica uns riscos para todos/as con múltiples nomes *Sharenting*, suplantación de identidade, *Oversharing*, *Cyberbullying*, contacto con descoñecidos potencialmente perigosos, *Grooming*, *Sexting*, *Sextorsión*, *Fake News*, *Challenge*, distorsión da realidade, acceso a discursos de odio,...

A pregunta é, como podemos protexer o noso alumnado? A resposta é *Is4k*.

Is4K (Internet Segura for Kids) é unha plataforma liderada por a *SEDIE* que executa os servizos a través do *ICIBE* dentro da estratexia Europea *BIK* e forma parte da rede paneuropea *INSAFE*.

BOLETÍN

XUÑO 2022

CFR
A CORUÑA
centro de
formación e recursos



Is4k é unha plataforma deseñada para menores, mozos e mozas, familias, educadores e profesionais do ámbito dos menores, que oferta múltiples recursos para familias, educadores e menores, a través de guías para familias, profesorado e alumnado, programas relacionados co uso das redes sociais, campañas de información, materiais didácticos,...É unha plataforma que permite ter os recursos necesarios para facer das redes sociais unha contorna segura de aprendizaxe e de socialización.

E permitanme terminar con *Aristóteles*. *"Ensinar non é unha función vital, porque non ten o fin en si mesma; a función vital é aprender"*.

Empreguemos as redes sociais para cubrir a función vital de aprender.



Irene Mira Fernández
Asesoría TIC



Ideas Stem para primaria

Flinn, Elizabeth; Mulligan, Anne

Narcea Ediciones, Madrid, 2022 • ISBN: 978-84-27-72904-9 • 128 páx.

Ideas STEM para Primaria está concibido para ofrecer ao profesorado unha serie de actividades listas para poñer en práctica co alumnado desta etapa educativa e axudar con iso á promoción das ensinanzas STEM (Ciencias, Tecnoloxía, Deseño e Matemáticas, polas súas iniciais en inglés). Estas ensinanzas están incluídas na educación primaria, xa sexa como áreas curriculares en si ou como parte doutras materias.

O que parece incuestionable é a significancia que estas disciplinas están a cobrar no mundo actual, onde a ciencia e o desenvolvemento tecnolóxico apunten ao derradeiro recuncho das nosas vidas. É unha necesidade dos sistemas educativos de hoxe pro-

mover a formación do alumnado en disciplinas STEM, co obxectivo de impulsar o desenvolvemento competencial e da aprendizaxe significativa no alumnado, e con miras a cimentar solidamente a sociedade do futuro. Esa sociedade estará altamente tecnificada e desenvolvida, e sentará as súas bases no progreso científico e na sustentabilidade. Por iso é polo que será unha necesidade imperiosa por parte de cantos estamos implicados na formación dos futuros adultos, promover e favorecer pedagogías que impliquen activamente o alumnado, oportunidades para que desenvolvan un entendemento da realidade, enfoques que estimulen o pensamento crítico, e a construción conxunta do coñecemento.

O profesorado é un actor fundamental na formación dos homes e mulleres do mañá, e por iso os que teñan afán de contribuír ao desenvolvemento de actitudes investigadoras no alumnado, poderán atopar nesta obra unha serie de ideas prácticas para levar á aula. Son actividades ideadas por docentes especialistas nas áreas STEM e que teñen a intención de seren actividades sinxelas, pero á vez estimulantes, co propósito final de despertar nos máis novos a curiosidade, o pensamento crítico, o traballo colaborativo, e o espírito investigador. Quizais, tamén, as vocacións científicas. Oxalá!



BOletín
XUÑO 2022



CFR
A CORUÑA

centro de
formación e recursos



Alberto Huerga Carnicero
Asesoría linguas estranxeiras



Jugar al aire libre

Hueso, Katia

Plataforma Actual, Barcelona, 2019 • ISBN: 978-84-17622-33-6 • 236 pág.

Na presentación do libro, a autora incide en que o xogo ao aire libre debe ser un espazo que cumpra con todas as características da xeografía icónica da infancia: lugar afastado da mirada dun adulto, onde construír unha identidade a partir da nada e cun compoñente real e tanxible, o risco.

Reivindica o xogo libre e na natureza, como ferramenta de desenvolvemento persoal e de benestar para todos, nenos e adultos.

No capítulo 1, di que o xogo é unha actividade "elusiva", que non se deixa acoutar con facilidade. Xa no capítulo 2, di que o xogo prepara os nenos e nenas para a vida, e é un excelente regulador de conflitos. Cita á educadora noruega Ellen Sandseter, que investigou o xogo ao aire libre entre escolares e o clasificou

en varias categorías: explorar alturas, manexo de ferramentas, permanecer en espazos perigosos, simular liortas, adquirir velocidade e explorar en solitario.

Chegamos ao capítulo 3, onde fala da privación do xogo, da transformación da infancia en adultos e viceversa. A infancia acúrtase, a irrupción dos medios fai que o xogo infantil se interrompa cada vez máis cedo a favor de actividades e relacións virtuais. Menciona o proxecto "Natureza inclusiva".

No capítulo 4, fala de neotenia (manter o desexo de xogar). A natureza axuda a serenarnos, a encontrar o equilibrio. E, no capítulo 5, fai a diferenciación entre xogo epistémico e xogo lúdico. Aparece o termo ludodiversidade, capacidade dos nenos para crear ambientes. Di que o xogo ten uns parámetros moi claros: a que,

con que, onde, con quen e cando.

Resaltar as diferentes táboas que aparecen: Táboa 1, tipos de xogo e idades, Táboa 2, tipos de materiais cos que xogar e grao de manipulación, Táboa 3, sitios onde atopar natureza para xogar, Táboa 4, ambientes naturais e xogo ao que se prestan.

Xa no capítulo 7, dá ideas para naturalizar o xogo na escola. E, no derradeiro capítulo fala dos xoguets, hai que ter en conta materiais e deseño. Destaca a teoría "Das partes soltas", ofrecer aos nenos materiais abertos, que poidan usar e combinar con liberdade.

Remata o libro cunha bibliografía sobre os temas tratados.



BOletín
XUÑO 2022



centro de
formación e recursos



María Nilda Fafián Porto
CRA de Bergondo

Metodoloxías activas

Propuestas a través de un enfoque lúdico

Martínez Salgado, Raquel

Editorial: SarAlejandría, Colección: didáctica, Castellón, 2022 • ISBN: 978-84-19104-15-1 • 110 páx.

Este libro fai un breve percorrido polas distintas correntes e teorías a través das cales nacen as metodoloxías activas, pois aínda que parece un termo novo ou actual, é unha acepción que xa concibían numerosos pensadores e pedagogos da Escola Nova ou Escola Activa. Dende entón, muda radicalmente a perspectiva da figura do neno, que cobra gran relevancia, e o labor único do docente pasa a un plano secundario na educación.

A segunda parte do mesmo, recolle varias ideas, actividades e propostas que se poden levar

a cabo nunha aula de infantil de 3 a 6 anos, nas que o neno e a nena se converten no principal e único protagonista da súa propia experiencia, sendo o adulto un mero mediador e provocador da curiosidade infantil. En todas elas, aparece o XOGO como un requisito imprescindible para a adquisición das aprendizaxes.

Mediante as estratexias de manipulación, exploración e experimentación que se producen nas propostas, proporcionamos ao neno as ferramentas axeitadas para a adquisición de aprendizaxes significativas

que perdurarán ao longo da súa vida, xa que como afirma María Montessori "temos que aprender para a vida, non para a escola".

É un libro de fácil lectura, práctico e moi visual, no que predomina a imaxe sobre o texto e ademais, é unha guía que axuda moito a entender e situar o contido. Útil para opositores de educación infantil, docentes da mesma etapa e tamén para familias.



BOletín
XUÑO 2022




CFR
A CORUÑA

centro de
formación e recursos



Emilio J. Veiga Río
Director CFR A Coruña



Mercedes Tella Comas (1868-1934)

Mestra e directora da Escola Normal de Mestras da Coruña

Romero Masía, Ana

Baía Edicións, 2022, A Coruña • ISBN: 978-84-9995-386-1 • 240 páx.

No mundo da educación as mulleres tiveron e teñen un papel relevante. A historiadora, catedrática e doutora Ana Romero ven de publicar a biografía dunha desas mestras que co seu traballo e compromiso, loitaron por mellorar o ensino e por dignificar o papel da muller na sociedade da súa época. Trátase da coruñesa Mercedes Tella (1868-1934). A súa traxectoria biográfica e profesional é reconstruída de forma pormenorizada co apoio de variadas fontes, documentos gráficos e textos. Tras obter o título de mestra na Coruña, marchará en 1894 a Madrid para completar a súa

formación. Alí, impartirá clases na Escuela Central de Maestras e publicará, xunto con outra destacada ensinante, María de la Rí-gada, un texto que acabará sendo oficial nas escolas de maxisterio: Aritmética elemental (1896).


En 1901 obtivo, por oposición libre, a praza de catedrática de Xeografía da Escola Normal de Mestras da Coruña, pero continúa en Madrid en comisión de servizos, contribuíndo á creación e desenvolvemento do Centro Ibero-Americano de Cultura Popular Femenina y Escuela de madres de familia. Tras regresar á Coruña foi nomeada en

1907 directora da Escola Normal de Mestras. Entre 1910 e 1914 padeceu unha forte depresión que a mantivo afastada da vida docente e pública. Trala súa recuperación, volveu a ser nomeada directora da Normal e desenvolverá unha intensa actividade pública como conferen-ciante ou colaboradora en diferentes iniciativas pedagóxicas e sociais. Xubilárase en 1932.

Ao longo da súa existencia amosou unha grande capacidade de traballo e actuou con voz propia en numerosos actos da vida madrileña e coruñesa, defendendo as súas ideas desde unha perspectiva

conser-vadora, monárquica e católica, pero sempre cun corte social na liña da súa admirada Concepción Arenal. En moitas ocasións estivo acompañada doutra docente, tamén coruñesa, María Barbeito, a gran renovadora da pedagogía escolar, progresista, laica e republicana, da que tamén Ana Romero publicou en 2015 a súa biografía. Estas dúas mulleres, contrapos-tas na súa personalidade e posicións políticas, estive-ron unidas no seu traballo pola renovación docente e o seu compromiso cos máis desfavorecidos.





Saber hablar

Briz Gómez, Antonio (coord.)

Debate, Madrid, 2022 • ISBN: 978-84-18210-23-5 • 303 páx.

Este libro publicado na súa primeira edición no ano 2008, pronto se converteu nun manual indispensable para todas aquelas persoas interesadas en mellorar a comunicación oral. O libro ofrecía pautas para utilizar de xeito pertinente e apropiado o discurso oral, adaptándoo ás diferentes situacións comunicativas coas que nos temos que enfrontar a diario. En marzo de 2022 aparece esta nova edición, actualizada, revisada e ampliada, que aínda que bastante similar á edición de 2008, inclúe un novo apartado titulado "Saber hablar con la tecnología digital" moi oportuno para o momento actual. Este capítulo radiografía os elementos que conforman a oratoria dixital e analiza as propiedades que que caracterizan esta oratoria, diferenciándoa da presencial.

Este manual detalla as características dos discursos orais correctos, a corrección gramatical e léxica, a claridade na expresión, os elementos externos na produción oral e a cortésia verbal. Nos capítulos finais recolle todos estes conceptos e os examina a través de distintos xéneros discursivos ben de ámbito científico-académico e profesional

(conferencias, charlas, debate, coloquio, etc.) ou ben de ámbito social (presentacións, agradecementos, brindes, etc.)

Esta é unha obra para aprender a comunicarse e utilizar a fala do xeito máis adecuado ao momento é ao contexto comunicativo concreto. En Saber hablar atoparemos técnicas relacionadas coa revisión de textos que nos guiarán na elaboración das nosas producións orais.

Nun mundo no que os discursos orais adquiren cada vez máis importancia, o libro ofrece pautas e recomendacións para elaborar textos orais correctos, coherentes e eficaces. Nunha sociedade interconectada, saturada de mensaxes e que esixe unha competencia comunicativa cada vez máis precisa, é moi necesario que nas nosas aulas se continúe a traballar neste ámbito e se elaboren propostas que contribúan a mellorar a calidade dos discursos orais do alumnado. Este libro pode ser unha ferramenta moi válida neste sentido.



BOletín
XUÑO 2022




centro de
formación e recursos



Javier Pintor Elizalde
Asesoría lingüístico-social

Este é
o inicio do camiño,
necesitamos
a túa **participación**



- Consulta as novidades na nosa biblioteca
- Participa nas nosas sesións de lectura
- Envia as túas opinións sobre novidades editoriais educativas

<http://www.edu.xunta.gal/portal/cfrcoruna>

Indica onde che gustaría participar e envíanos un mail a cfr.coruna@edu.xunta.gal



[cfracoruna](#)



[@cfracoruna](#)



[cfracoruna](#)